



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2019/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de setembro de 2019
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:55 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
71642234V	ANA BELEN MARTÍN FERNANDEZ	NON
52490479V	FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ	NON
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
77013449L	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
78738961W	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
53119072C	LAURA VERDE CURRA	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON



Concello de Cangas

78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
78734468V	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
44083047M	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
53118594W	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734398Q	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 5366/2019. Toma de coñecemento de renuncias de concelleiros/concelleiras

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno toma coñecemento das renuncias presentadas ao cargo de concelleiros/concelleiras.

Vistos os escritos presentados en data 17 de setembro de 2019 pola concelleira D^a Ana Belén Martín Fernández e polo concelleiro D. Fernando Santiago Quinteiro López, nos que renuncian á súa condición de concelleiros/concelleiras do Concello de Cangas, cargo que exercen na

Concello de Cangas



actualidade e do que tomaron posesión na sesión constitutiva da Corporación realizada o día 15 de xuño de 2019, ao ser proclamados electos/electas coa candidatura presentada polo grupo municipal PsdeG-PSOE de Cangas, nas que ocupaban os postos primeiro e cuarto da lista, vista a dilixencia acreditativa da secretaría xeral do Concello e de conformidade co previsto na lexislación electoral e do réxime local, así como, na instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003, o Concello Pleno:

Primeiro.- Toma coñecemento, para a súa efectividade, das renuncias formuladas por D^a Ana Belén Martín Fernández e D. Fernando Santiago Quinteiro López, á súa condición de concelleiros/concelleiras do Concello de Cangas e a todos os demais cargos que exercen, derivados desta condición.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo/electa a favor dos candidatos seguintes na lista, que segundo os datos que obran no Concello son D^a Ingrid Mihaela Loredana Oprea e D. Eugenio González Fernández, que ocupan os postos quinto e sexto, respectivamente, na lista electoral do grupo municipal PsdeG-PSOE de Cangas nas eleccións locais de maio de 2019.

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 23 de agosto de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da sesión plenaria realizada en data 23 de agosto de 2019.

Expediente 4790/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta de proposta da alcaldía de data 13.08.2019, referente a aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga, que é como segue:

"ORDENANZA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARACTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO CICLO DA AUGA

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por mor da modificación normativa operada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que



modificou determinados preceptos da normativa tributaria, créase unha nova figura legal denominada Prestación patrimonial de carácter público non tributario.

Polo que ao Concello afecta, o artigo 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, establece:

'6. As contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizadas de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de dereito privado'.

Visto que resulta necesaria a aprobación dunha ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS.

Vistos os informes emitidos polos servizos de secretaría e intervención ao respecto, á vista do actuado no expediente, en virtude das competencias que a esta Alcaldía outorga a normativa vixente,

PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga, ordenando a publicación do presente acordo xunto co texto íntegro da ordenanza reguladora no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Expor publicamente durante un espazo de trinta días a presente ordenanza, para os efectos de que os/as interesados/interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas".

Dase conta así mesmo, do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única en sesión realizada o 23 de setembro de 2019.

Intervencións:

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que lle sorprende que tendo unha xuntanza preparatoria non se trouxo este punto a mesma pero pese a elo mostrarán o seu apoio pero non se trata dun cheque en branco senón que esixen garantías de seguridade na tramitación e que non sexa preciso aprobar unhas tarifas anuais.

Sra. Giráldez Santos: sinala que votará a prol da ordenanza, lembra que a ordenanza do 2016 foi tumbada por defectos de forma e se ben non e a ordenanza que lles gustaría votar a prol pero estarán vixiantes a súa boa tramitación.

Sr. Pazos Varela: sinala que existe un erro nas tarifas da mesma e sinala que a cuestión quedou sobre a mesa nun Pleno anterior.



Sr. Millán Blanco: sinala que se traen os mesmos números que no 2016 e lembra que o sr. Abalo declarou que con esa ordenanza se estaba a cumprir co contrato e esa ordenanza foi anulada. Expón que agora existe unha nova externalización para a emisión do informe económico financeiro do que lle gustaría ter copia. Lembra que non é certo que a ordenanza respete o establecido no contrato xa que non se aplicou a subida do IPC. Ademáis sinala que se ben o informe de intervención avala a ordenanza lembra o informe feito no ano 2016 polo interventor no que se recolle que a través da modificación da ordenanza pode existir un incumplimento contractual. Finalmente sinala que existen membros do propio goberno que non queren negociar e se levan máis de dous anos sen realizar achegamento algún. Ante esta falta de criterio e de improvisación o Partido Popular non pode apoiar esta proposta.

Sr. Abalo Costa: sinala que se alegra da abstención do PP xa que non parecen tan cuestionados os informes existentes no expediente. Expón que se alegra de que Pio Millan non diga que a empresa cobre máis e sinala que non coñece a postura do Partido Popular e lembra que será noutra sesión na que se fale da nulidade do documento contractual.

Sr. Millán Blanco: sinala que dos datos existentes as tarifas que se están cobrando derivadas das ordenanzas do 2016 provoquen maiores ingresos que as establecidas no ano 2014. A proposta do Partido Popular, explica o sr. Millán, consiste en buscar unha solución e non dar bandazos.

Sr. Abalo Costa: sinala que se quere o Partido Popular aplican as tarifas do 2014 a ver que di a cidadanía e que está clara a existencia duns investimentos realizados pola empresa.

VOTACIÓN:

A favor: 10 (3 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE, 2 concelleiros/concelleiras do PSOE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 7 (7 concelleiros/concelleiras do PP).

Expediente 5266/2019. Proposta de alcaldía de aprobación das festas locais 2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta de proposta da alcaldía de data 12.09.2019, referente a aprobación das festas locais para o vindeiro ano 2020, que di:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2020

Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do



1561/1995, de 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas (2) festas locais, que serán determinadas polo/pola xefe/xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto que corresponde a este Concello realizar a proposta de festas locais para o ano 2019 e remitir esta á delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar.

Visto que en anos anteriores estas festas locais coincidiron coas festividades do venres das Dores e o luns do Cristo, considerando conveniente manter as mesmas datas.

Polo exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Proponer á Consellería de Traballo e Benestar como festas locais para o ano 2020 as seguintes datas:

- 3 de abril do 2020: venres das Dores.

- 31 de agosto do 2020: luns do Cristo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar para os efectos oportunos".

Dase conta así mesmo do ditame favorable da Comisión Informativa Única en sesión de data 23.09.2019.

Intervencións:

Sra. Vizoso Marcos: sinala que se van a abster xa que considera que a veciñanza debe pronunciarse sobre cales son as preferencias da cidadanía.

Sr. Millán Blanco: sinala que ninguén criticou que se levase a cabo a consulta popular, senón que o problema estaba na tramitación que non se axustou a dereito e sinala finalmente que Cangas ten a peculiaridade de que sexan festivos venres e luns.

VOTACIÓN:

A favor: 14 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 3 concelleiros/concelleiras de ACE, 2 concelleiros/concelleiras do PSOE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 3 (3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).



Expediente 4251/2019. Proposta da alcaldía s/designación de representantes en órganos colegiados

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 7, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta de proposta da alcaldía de data 19.09.2019 referente a designación dos representantes do Concello na Mancomunidade de concellos do Morrazo, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

Vista a participación do Concello de Cangas en determinados órganos colegiados, de conformidade co sinalado no art. 38.c) do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, efectúase a seguinte proposta de designación segundo se detalla:

Primeiro.- Designar representantes municipais na Xunta de Goberno da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, comprometéndose a Alcaldía a facilitar á oposición a documentación dos asuntos que se vaian a tratar, a:

Titulares:

Xosé Manuel Pazos Varela

Hugo Fandiño Alberte

María Victoria Portas Mariño

Sagrario Martínez Ferrari

Suplentes:

Indistintamente entre o resto de concelleiros integrantes do equipo de goberno".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única en sesión realizada en data 23.09.2019.

Intervencións:

Sr. Vizoso Marcos: sinala que sinala que non constan os nomeamentos dos representantes nos consellos escolares.

Sr. Pazos Varela: sinala que hoxe só se traen os nomeamentos da xunta de goberno da mancomunidade.

Sra. Giráldez Santos: sinala que un goberno en minoría deben ser obxecto de negociación, e no presente caso, existiu negociación e polo tanto van a votar a favor.

Sr. Millán Blanco: sinala que no seu momento votaron en contra xa que antes eran 8 os membros interesados na proposta e agora son seis, sinala tamén que o Alcalde en un ano e nove meses non tivo a capacidade para convocar unha asemblea da Mancomunidade e polo tanto non entende a urxencia da cuestión.

Sr. Pazos Varela: sinala que sorpréndelle o non apoio do Partido Popular cando creía que ca



Concello de Cangas

remisión da documentación se chegara a un entente. Finalmente expón que para convocar unha assemblea é preciso que funcione a Xunta de Goberno e a Comisión de Contas que se atopa paralizada e que as actuacións saen do Consello de Alcaldías.

Sr. Millán Blanco: sinala que non se lle deu a opción o Partido Popular para proponden membros e lembra que no 2018 non existían eses impedimentos para convocar a Comisión de Contas e polo tanto a Asamblea.

Sr. Pazos Varela: sinala que descoñece os motivos da non convocatoria da Comisión de Contas, e lembra que próximamente se convocará unha Asamblea.

VOTACIÓN:

A favor: 7 (3 concelleiros/concelleiras de ACE, 2 concelleiros/concelleiras do PSOE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG). Decide o voto calidade do alcalde.

En contra: 7 (7 concelleiros/concelleiras do PP).

Abstencións: 3 (3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno, co voto de calidade do Sr. Alcalde, acorda aprobar a proposta da alcaldía transcrita anteriormente para designación de representantes municipais en órganos colexiados.

Expediente 5397/2019. Moción do grupo municipal do BNG s/creación da Mesa de mobilidade de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 13.08.2019, referente á creación da Mesa de mobilidade de Cangas, que é como segue:

"MOCIÓN PARA CREACIÓN DA MESA DE MOBILIDADE DE CANGAS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O crecemento demográfico e urbanístico experimentado no Concello de Cangas nos últimos anos, entre outros factores, trasladaron á nosa vila grandes problemas de aparcadoiro, tráfico non fluído, ruído e emisións contaminantes transformándoos en contornas urbanas menos accesibles e sostibles. A iniciativa do anterior goberno, do que formaba parte o BNG no mandato anterior e a instancias das concellerías de mobilidade e de obras e servizos, para a execución do Plan de mobilidade sostible, que contaba con financiamento da Deputación Provincial e que quedou soamente pendente de licitación, onde se integren os intereses da cidadanía relacionados cos aspectos urbanísticos, co transporte público e coas infraestruturas de xeito que se proporcionen as ferramentas necesarias e fundamentais para un desenvolvemento accesible, sostible e seguro para todos e todas, debe ser unha prioridade para esta corporación municipal.

O obxectivo xeral é favorecer a mobilidade das persoas no municipio de Cangas, priorizando o transporte público sobre o privado e facilitando a conectividade de todos os núcleos do municipio, tanto rurais como urbanos, en especial nas parroquias que sufren ano tras ano unha afluencia masiva de tráfico rodado e provoca graves problemas para a veciñanza. Ao mesmo tempo, pretende actuacións sobre o medio urbano para facilitar a mobilidade peonil.

Dende o BNG entendemos que a creación da Mesa de mobilidade de Cangas, onde se traballen políticas públicas de mobilidade urbana tendentes á pacificación, humanización e peonalización do concello como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos, sería o camiño para alcanzar o propósito e obxectivo xeral que compartimos todas as forzas políticas da corporación. Contando co documento do Plan de mobilidade sostible e a participación da veciñanza conseguiríase unha correcta aplicación das solucións coordinadas e consensuadas aos graves problemas de mobilidade que temos no noso concello.



Concello de Cangas

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

O goberno municipal axilizará os trámites para a execución do Plan de mobilidade sostible de Cangas e creará a 'Mesa de Mobilidade de Cangas', como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración co obxectivo de dar solución aos graves problemas de mobilidade do noso concello".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única en sesión realizada o 23 de setembro de 2019.

Intervencións:

Sra. Vizoso Marcos: sinala que e superurxente que Cangas se dote dun Plan de Movilidade e considera importante que participen expertos e posteriormente se cree a mesa de mobilidade.

Sr. Fandiño Alberte: sinala que o PSOE é consciente da existencia de graves problemas e que polo tanto é preciso atopar solucións.

Sr. Soliño Costas: sinala que o Partido Popular ven reclamando un plan director e que polo tanto é preciso atender a mobilidade.

Sr. Pazos Varela: sinala que non existe procedemento de licitación aberto e considera necesario que se poden facer actuacións puntuais. Sinala que o preciso é levar unha política de redución de tráfico urbano.

Sra. Giráldez Santos: sinala que hai que chegar a consensos e para iso é importante a mesa de mobilidade na que deben estar técnicos especialistas xa que a mobilidade é transversal e afecta incluso o urbanismo. Sinala tamén que houbo uns pregos redactados que quedaron pendentes e

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



considera preciso a aprobación do PMUS e da mesa de mobilidade.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que a mobilidade afecta a veciñanza de xeito importante non so no casco urbano de Cangas senón para as parroquias e recorda a importancia do PMUS e o PXOM e a súa relación.

Sr. Fandiño Alberte: sinala a importancia do PXOM e o PMUS.

Sr. Soliño Costas: sinala que espera que a moción non quede en papel e se traballe neste ámbito e a importancia para mellorar a relación entre as diferentes zonas de Cangas.

VOTACIÓN E ACORDO: O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

Expediente 5211/2019. Moción do grupo municipal do PP s/elaboración dun Plan de prevención municipal para a loita contra os incendios forestais

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

O Concello Pleno acorda retirar da orde do día este punto, a instancias do propoñente da moción, que solicita a súa retirada.

Expediente 5260/2019. Moción do grupo municipal do PP s/rebaixa do tipo impositivo do IBI 2019

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 11.09.2019, referente á rebaixa do tipo impositivo IBI 2019, que é como segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 31 de outubro de 2014, preséntase unha proposta de alcaldía, na que



consta o seguinte acordo: 'O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado na porcentaxe de 0,55% sobre a base liquidable tal e como é definida nos artigos 66 e seguintes do texto refundido', dita proposta foi aprobada definitivamente e publicada no BOP antes do 31 de decembro de 2014. Este descenso do tipo impositivo foi posible pola mellora dos resultados orzamentarios dos anos 2012 e 2013.

Na sesión plenaria do 31 de marzo de 2017 se debateu unha moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular de Cangas, no que se solicitaba o seguinte: 'Instar ao goberno do Concello de Cangas a que incoe o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, no seu artigo 1 a), contemplando en dita modificación a baixada do tipo impositivo de 0,55% a 0,50%'. Nese pleno os representantes dos tres grupos do goberno municipal decidiron votar en contra da proposta de baixar o IBI. O alcalde pechou o debate dicindo que: 'Cre que hai que atacar este problema, pero tramitando o expediente na debida forma'.

En setembro de 2018 comprobamos que o goberno non fixera nada ao respecto e volvemos a presentar a proposta en pleno de rebaixar o IBI, quedando esta vez inicialmente aprobada no pleno do 26 de outubro de 2018. Sendo publicada a dita aprobación inicial o 7 de novembro no BOP. Se non se presentaba ningunha alegación contra a aprobación inicial quedaría definitivamente aprobada ao pasar os trinta días de exposición pública. Cal é a nosa sorpresa, que despois de requirir información ao finalizar o prazo de exposición pública se nos transmite que existe unha alegación contra a baixada do IBI presentada polo propio alcalde; é a primeira vez que se alega contra unha baixada de impostos, é o que é mais grave que o fixo o propio alcalde.

Recentemente o municipio de Cangas estivo inmerso do procedemento de regularización catastral 2013 – 2016, obtendo un aumento de 2 millóns de euros no padrón de IBI do ano 2014 ao ano 2017. A recadación neta de IBI que aparece na liquidación provisional do orzamento do ano 2017 contempla a cifra de catro millóns novecentos dezaseis mil catrocentos trinta e dous euros con dous céntimos (4.916.432,02 €).

No ano 2012 se aprobou un plan de axuste con base no Real decreto 4/2012 e modificado polos reais decretos 4/2013 e 8/2013, no que se establece que para o ano 2017 e posteriores que os ingresos previstos pola recadación do imposto sobre bens inmobles serían de 2,9 millóns de euros aproximadamente, requisito que se cumpre con moitísimo marxe xa que o importe no orzamento para este ano é de 4,6 millóns de euros.

Ante estes datos consideramos que existe marxe suficiente para aprobar unha baixada do tipo impositivo do imposto en cuestión, a nosa solicitude é baixar de 0,55 % a 0,50 % o tipo impositivo. Unha proposta prudente e que non causaría quebranto algún nas contas municipais.

Consideramos que sobran argumentos para que esta proposta sexa apoiada polos demais grupos da corporación municipal.

PROPOSTA DE ACORDO:

* Instar ao goberno do Concello de Cangas a que incoe o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES no seu artigo 1 a), contemplando en dita modificación a baixada do tipo impositivo de 0,55% a 0,50% para o exercicio 2020".



Dase conta, así mesmo, do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única en sesión realizada o 23 de setembro de 2019.

Intervencións:

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que Avante non votará a prol da moción xa que é preciso rematar primeiro co plan de axuste sen prexuízo do establecemento de bonificacións.

Sra. Giráldez Santos: sinala que o BNG non votará a prol dado que é preciso baixar a cuantía de endeudamento.

Sr. Fandiño Alberte: sinala que estas cuestións teñen que estar máis informadas.

Sr. Abalo Costa: sinala que o Partido Popular expón medidas contrarias as anteriormente aplicadas polo grupo popular. Sinala que a capacidade de investimento está maniatada polo plan de axuste sen prexuízo das políticas levadas pola Xunta.

Sr. Millán Blanco: sinala que o Plan de Axuste estase a cumprir con creces, lembra que se trouxo xa unha moción e non se quixo votar a favor sendo presentada o último día unha alegación presentada polo propio Alcalde. Expón que entre o 2014 ao 2017 houbo un incremento do 50% en gasto corrente o que demostra o despilfarro en gasto da presente Corporación.

Sra. Giráldez Santos: sinala que o que o BNG quere é saír antes do Plan de Axuste.

Sra. Portas Mariño: sinala que existiron moitísimos gastos os que se tiveron que facer fronte (Promalar, sentenzas, galescolas...) e aínda así estamos ante un momento no que a débeda do Concello e inferior.

Sr. Pazos Varela: sinala que cando o Partido Popular gobernou non se baixaron impostos, e que cando baixaron 0,5 puntos o IBI o subiron por outro lado. Invita o Partido Popular a que lle indiquen cales son os servizos que pretenden suprimir. Lembra que as subidas de impostos foron establecidas polo Partido Popular tanto en Cangas coma en Madrid ou na Xunta de Galicia.

Sr. Millán Blanco: sinala que o primeiro gasto que debería reducir é o consumo eléctrico, lembra que antes existían os mesmos servizos pero o gasto estaba máis contido. Recorda que as sentenzas van no capítulo 5 de gasto e expón que no 2004 se baixaron determinados impostos. Finalmente lembra que o Plan de Axuste foi unha salvación para o Concello.

Sr. Pazos Varela: sinala que o Plan de Axuste aliviou unha situación económica derivada dunha crise pero tamén reduciu a plantilla a mínimos.

Sr. Millán Blanco: sinala que hai informe do 2015 de intervención no que se sinala que non é preciso reducir os gastos exclusivamente da partida de persoal e que había dúas partidas nas que non era preciso observar esas limitacións.

Sr. Pazos Varela: sinala que antes do 2015 se suprimían as prazas de policía polo que non se poden sacar.



VOTACIÓN E ACORDO:

A favor: 7 (7 concelleiros/concelleiras do PP).

En contra: 10 (3 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE, 2 concelleiros/concelleiras do PSOE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG)

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda non aprobar a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 5392/2019. Moción do grupo municipal de AVANTE s/emergencia climática

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal AVANTE de data 13.09.2019, referente á emergencia climática, que é como segue:

"MOCIÓN SOBRE A EMERXENCIA CLIMÁTICA A PROPOSTA DA ORGANIZACIÓN 'AMIGOS DA TERRA'

Segundo a exposición de motivos que se trasladan no texto para a Declaración de emergencia climática, presentado pola organización 'Amigos da Terra', este grupo municipal insta á corporación a recoñecer o estado de emergencia climática, a aprobación da moción que se anexa e a asumir os compromisos coas medidas que nela se especifican.

A/Atención do PLENO DO CONCELLO DE Cangas.

A/Atención dos grupos políticos locais con representación no Concello.

DECLARACIÓN DE EMERXENCIA CLIMÁTICA

A organización 'Amigos da Terra', con CIF:G32242422, coma integrante da Alianza pola emergencia climática, e na súa representación, Raquel Fernández Rodríguez, con DNI 44457087L e con domicilio a efectos de notificación na rúa Bedoia, nº 5-2ºD (32004 Ourense), diríxense ao Pleno do Concello de Cangas e aos grupos políticos para instalos ao recoñecemento do estado de emergencia climática no que nos atopamos mediante a adopción da presente moción e as medidas que dela se deriven.

O Concello de Cangas recoñece que o planeta, así como, os seres vivos e os ecosistemas, atópanse en grave perigo, proba diso son os recentes informes sobre o estado da biodiversidade do IPBES e sobre o quecemento global de 1,5 °C do IPCC, que alertan dun rumbo que leva á extinción dunha gran parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade humana. Tamén se está ao bordo do punto de non retorno fronte ao cambio climático. Non responder ante a crise ecolóxica e civilizatoria suporía a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irremplazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas.

Nese sentido aceptamos a verdade da crise climática sobre a gravidade da situación. Admitir



as evidencias científicas, así como, o camiño de redución das emisións proposto é a única forma de protexer a existencia dun futuro para o municipio. A cidadanía debe de entender a urxencia e irreversibilidade desta loita e o Concello de Cangas pode desempeñar un papel clave na formación, educación e información sobre o necesario freo ás emisións e realizar unha vital adaptación ás consecuencias do incremento da temperatura global.

Declarar a emerxencia climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e vinculantes, moito mais ambiciosos que os actuais, coa consecvente asignación de recursos para facer fronte a esta crise. Unha folla de ruta vinculante capaz de garantir as reducións de gases de efecto invernadoiro anuais necesarias, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía 100% renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono canto antes, de maneira urxente e prioritaria, en liña coas indicacións do informe do IPCC para limitar o aumento das temperaturas globais a 1,5°C. Un estado de emerxencia implica redirixir todos os recursos dispoñibles dos concellos para afrontar a crise climática cos problemas asociados que leva.

A declaración de emerxencia climática supón iniciar un proceso de educación, formación e concienciación a toda a poboación sobre a verdade da crise ecolóxica e o enorme cambio necesario frear a emerxencia. Ante esta emerxencia o Concello comprométese a iniciar este proceso de transformación social e asegurar a plena consecución dos seguintes obxectivos xerais.

O CONCELLO DE CANGAS COMPROMÉTESE A:

1.- Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e se é posible antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas como única resposta posible para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano.

2.- Abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100% renovable de maneira urxente e prioritaria. Para iso os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propor os plans de actuación necesarios, entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovable e unha mobilidade sustentable canto antes, crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía até consumos sustentables, promover o aumento da eficiencia enerxética e das instalacións renovables, crear espazos educativos e a información á poboación sobre a emerxencia climática, alcanzar unha política de residuo 0, evitar entre os bancos eos que trabada o municipio aqueles que financien proxectos baseados en combustibles fósiles, apoiar a xestión dos montes comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para a repoboación do rural, que desenvolve funcións craves de mitigación do cambio climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

3.- É necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, acuicultura, agricultura e ganadería ecolóxica e de proximidade. Alcanzando canto antes a plena subministración agroecolóxica nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación.

4.- Iniciar a necesaria adaptación dos municipios á crise climática, coas consecuencias do



incremento da temperatura global, as ondas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa se están manifestando.

5.- A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser alicerces fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que é preciso establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para iso será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerables".

Dase conta, así mesmo do ditame favorable á moción de AVANTE s/emergencia climática, emitido en data 23 de setembro de 2019.

Intervencións:

Sra. Giráldez Santos: sinala que o BNG está completamente dacordo ca moción e recorda que a emerxencia climática non pode deslindarse da causa primixenia do cambio climático que é o capitalismo brutal existente.

Sr. Fandiño Alberte: sinala que non se pode negar a existencia do cambio climático.

Sr. Abalo Costa: sinala que é preciso apoiar a emerxencia climática e o mesmo tempo apostar por unhas políticas de economía circular, eficiencia enerxética e sensibilidade que debe ser aplicada polo Concello de Cangas.

Sra. de la Campa Portela: sinala que non sabía que o planeta tiña ideoloxía e que para conservar os recursos é preciso o aforro enerxético pero lembra que en febreiro de 2019 o Partido Popular levou unha proposta para a sinatura do Pacto de Alcaldías e posteriormente en abril o Pleno aprobou un acordo tipo sen que ata o momento conste a sinatura do devandito Plan. Explica que a cuestión en todo caso é adoptar medidas efectivas.

Sr. Pazos Varela: sinala que se enviou o acordo a Xunta en maio de 2019 e lembra que está citado en Marín para outubro.

Sra. Villar Rodal: sinala que este é un problema ideolóxico provocado por un sistema capitalista e que en Galicia temos numerosos exemplos como o da mina de Touro.

Sra. de la Campa Portela: sinala que o Concello de Cangas non aparece como asinante na lista.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.



Expediente 5390/2019. Moción do grupo municipal de AVANTE s/ Consello sectorial de turismo

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal AVANTE de data 14.09.2019, referente á creación do Consello sectorial de turismo, que é como segue:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AVANTE! - CANDIDATURA VECIÑAL, SOBRE A CREAÇÃO DO CONSELLO SECTORIAL DE TURISMO

Recén rematada a tempada de maior fluxo turístico, cómpre facer balance e iniciar mecanismos que nos permitan mellorar o seu retorno minimizando o impacto sobre o territorio e a nosa poboación. A día de hoxe o turismo en Cangas é principalmente de verán, con visitas de un día ás nosas praias, que apenas deixan cartos no concello, pero si un alto impacto. As posibilidades son moito maiores. Dispoñemos dunha riqueza natural, paisaxística e patrimonial increíble, que permite ampliar a oferta turística, diversificar oferta máis alá do sol e praia e incrementar as estancias e actividades.

Para iso temos que traballar de forma conxunta e coordinada entre concello, outras administracións e profesionais, coa finalidade de fomentar un turismo respetuoso co medio ambiente, que axude a creación de postos de traballo de calidade e fixe poboación.

Esta forma de traballo conxunta pode ser o Consello sectorial de turismo, como espazo onde poñer en común os retos e oportunidades do sector turístico e as ferramentas coas que conta a administración local para melloralo. Coa finalidade de determinar o modelo turístico desexable, promovendo o aumento da estancia media ou actualizando o catálogo de recursos turísticos.

Tendo en conta o anterior, formulamos as seguintes:

PROPOSTAS DE ACORDO

- 1. Creación do Consello sectorial de turismo, onde participen sectores coma o da hostalería, da restauración, do comercio e da cultura.*
- 2. Elaboración plan de desenvolvemento e estratexia turística para o Concello e/ou a Comarca do Morrazo.*
- 3. Actualización do catálogo de recursos turísticos de Cangas.*
- 4. Elaboración de novas guías, percorridos e proxectos de intervención cultural na vila e no resto de núcleos do municipio".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal AVANTE, emitido en data 23 de setembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Verde Curra: expón a moción.

Sra. Giráldez Santos: sinala que está a favor da moción se ben considera que se modifique o



Concello de Cangas

primeiro punto ampliando o número de colectivos que poden formar parte do Consello, de xeito que se modifique o punto sinalando “sectores como”.

Grupo municipal AVANTE: acepta o cambio.

Sr. Fandiño Alberte: sinala que votarán a favor xa que é unha proposta asumida polo goberno nas súas negociacións.

Sra. Portas Mariño: sinala que é preciso ampliar os colectivos que deben formar parte do Consello.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que a moción busca ampliar o ámbito turístico de Cangas se ben considera que se pode ser máis ambiciosos que serían obxecto de debate no Consello.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

Expediente 5395/2019. Moción do grupo municipal do BNG s/violencia machista

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 14.09.2019, referente á violencia machista, que é como segue:

"MOCIÓN SOBRE VIOLENCIA MACHISTA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno:

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade mais achegada e que nos recordan a necesidade de apostar por mais medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilas de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez mais, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007, está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Polo exposto presentamos os seguintes puntos:

ACORDO

- 1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.*
- 2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.*
- 3. Demandar do goberno central:*

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

4. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.



b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 23 de setembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Vizoso Marcos: sinala que Avante apoiará ésta e todas as mocións que condenen a violencia machista.

Sr. Fandiño Alberte: sinala que as medidas non serán suficientes mentras existan mulleres vítimas da violencia machista e polo tanto apoiarán a moción.

Sra. Portas Mariño: sinala que por desgracia recentemente volveron a producirse asasinatos que deben ser considerados violencia machista e da as gracias os corpos de seguridade de Cangas no tocante o punto lila. Sinala que pretende conseguir un punto de encontro para o Morrazo.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que neste punto tódolos partidos políticos están no mesmo barco e polo tanto votarán a favor.

Sra. Villar Rodal: sinala que agradece o apoio a moción e espera o impulso desde os concellos do Morrazo.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.



Expediente 5391/2019. Moción do grupo municipal do PP s/plan actuación limpeza beirarrúas e camiños

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 16.09.2019, referente ó Plan de actuación de limpeza en beirarrúas e camiños, que é como segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 02.09.2019 o PP de Cangas efectuou preguntas en relación as múltiples queixas de distintos colectivos veciñais sobre o estado de abandono das distintas vías. En concreto preguntábase se existía algún plan de actuación para reverter esta situación e si existía dito plan, cando, como e con cargo a que partida orzamentaria pensaban levalo a cabo. E non só o rural, aínda a día de hoxe xa co verán a piques de rematar é una vergoña o estado das distintas entradas a Cangas, da falla de mantemento das madeiras dos paseos ou as deficiencias nas luminarias ou na limpeza viaria. Como xa é habitual seguimos esperando resposta.

O Sr. Pazos, lonxe de recoñecer o que é unha evidente realidade, culpa a todas as administracións, él nada sabe nin é responsable de nada, claro en anos anteriores esas mesmas estradas que son da Xunta ou da Deputación, as súas beirarrúas foron limpas por traballadores do Concello ou a maior parte por traballadores de empresas contratadas de forma irregular. Esa desculpa non serve. Se antes se limpaban porqué non se fai agora?

Ó noso entender, ao igual que ocorre noutras áreas, todo é por culpa da falla de previsión dun goberno que en catro meses o único que fixo foi poñerse de acordo en "los suelditos" , non sabemos cal é programa que van levar a cabo (nada ten que ver o do PSOE co de ACE), nin como van solucionar os problemas de Cangas. Iso se nos medios de comunicación con titulares grandilocuentes pretenden desviar a atención dos problemas que os cangueses/canguesas temos que sufrir no día a día. Acabamos de empezar a lexislatura e o botafumeiro está xa en marcha. Urxe reverter esta situación e por todo iso efectuamos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

** O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a que de forma urxente leve a cabo un Plan de actuación que permita acondicionar e librar de maleza as beirarrúas e camiños para poder transitar sen risco*

** Dar conta a Xunta de Galicia e a Diputación Provincial de Pontevedra do presente acordo, solicitando a inmediata limpeza dos viais da súa competencia".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 23 de setembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.



Intervencións:

Sr. Pazos Varela: sinala que non é un tema deste ano, senón de moitos anos e sinala que a brigada traballou ata que se lle acabou o contrato. Explica que se contratarán 6 persoas para o desbroce e contratarán unha empresa para desbrozar estradas e camiños municipais e expón que se engada: Dirixirse a Xunta de Galicia e a Diputación Provincial de Pontevedra solicitando a inmediata limpeza dos viais da súa competencia.

Sr. Pazos Varela: sinala que a maioría das queixas son de fincas particulares e se dictan bandos recordando ese deber dos cidadáns.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que apoiarán a moción se ben aclara que a exposición de motivos presentada ante o Pleno non é a recollida no corpo da moción utilizando ante o Pleno unha linguaxe máis irrespetuosa.

Sra. Giráldez Santos: sinala que a maiores do dito polo grupo municipal de Avante non pode asumir as críticas da xestión anterior recollidas na exposición de motivos.

Sr. Pazos Varela: sinala que a exposición de motivos é unha expresión de quen a redacta pero que iso non invalida os dous puntos de acordo recollidos na mesma.

Sr. Sotelo Villar: sinala que a irregularidade na contratación ven determinada polos reparos do sr. interventor nos seus informes que falan de fraccionamento do contrato.

Sr. Fandiño Alberte: sinala que se está a facer espectáculo desta cuestión cando se trata dunha materia importante.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que o plan de actuación da limpeza se fixera público.

Sr. Pazos Varela: sinala que se pode facer público unha relación de puntos e un calendario aproximado.

Sr. Soliño Costas: sinala que foi claro o expor a situación das parroquias e que é preciso recoñecer a existencia de moitas faltas de respecto no Pleno. Solicita que eses traballos empecen canto antes xa que as parroquias están con moitísima maleza, e que a maioría son espazos de ámbito municipal e lembra a situación lamentable da rotonda do Gordo.



Concello de Cangas

Sr. Pazos Varela: sinala que o feito de que él vaia polas parroquias non soluciona a situación e que hai moitos sitios nos que non sendo responsable limpa determinadas zonas.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

Expediente 5594/2019. Moción do grupo municipal do PP s/peirao de Aldán (Urxencia)

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,
Abstencións: 5, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 27.09.2019, referente ao peirao de Aldán, que é como segue:

"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do grupo municipal do PP presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O PP de Cangas sempre defendeu que a actividade pesqueira ademais de formar parte da nosa historia é sen dúbida un dos motores económicos do noso pobo e para o seu desenvolvemento precísase de instalacións dignas e axeitadas para dita actividade.

Entendemos a necesidade que o sector ten no peirao de Aldán para gardar os trebellos, ao igual que o abrigo e a adaptación da lonxa a normativa sanitaria, pero non é admisible que pola porta de atrás se instalen contenedores de segunda man como solución, máxime cando no seu día existiu un proxecto onde se integraba a lonxa coas casetas nunha mesma edificación, cuestión esta imprescindible para non causar un maior impacto visual que o existente, nun dos puntos mais visitados do noso Concello. Neste momento non hai escusa posible pois está aprobada a DEUP do peirao de Aldán. Instalacións sí pero non serve calquera instalación.

Non é posible que no ano 2019 se instalen contenedores sen auga, luz nin saneamento. Desde o noso punto de vista entendemos que se estaría incumprindo a Lei de prevención de riscos laborais, ademais de que por moito que se diga que ditas instalacións son provisionais e serían revestidas de materiais mais estéticos, os veciños/veciñas de Aldán entendemos que non son as instalacións adecuadas nin por suposto están na situación axeitada. Sería un dano para todo o Concello difícil de reverter e por riba non se solucionaría o problema.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Por todo iso efectuamos as seguintes:

PROPOSTAS DE ACORDO

1ª.- O Pleno do Concello de Cangas solicita que por parte de secretaría se emita informe xurídico sobre a legalidade de dita actuación.

2º.- O Pleno do Concello de Cangas insta a Portos de Galicia a retirar os contenedores xa existentes.

3º.- O Pleno do Concello de Cangas insta a Portos de Galicia á execución dun proxecto onde se integren as casetas dos mariñeiros na mesma edificación ca lonxa, e a incluír partida suficiente no próximo orzamento da Xunta para levar a cabo dita actuación.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, acorda non declarar a urxencia e a inclusión deste punto na orde do día.

Intervencións:

Sr. Sotelo Villar: expón a moción e a necesidade da presentación da mesma por urxencia.

Sr. Pazos Varela: expón a posibilidade da inmediata creación dunha mesa de negociación o luns na que estean representados os principais actores e os grupos políticos para chegar a un consenso e fixar un criterio.

Sr. Sotelo Villar: sinala que a solución e facer un edificio coma no seu día estaba inicialmente previsto e ante a colocación dos contenedores urxe tomar un acordo.

Sr. Pazos Varela: solicita un receso para tratar a urxencia non atendida polo proponente.

VOTACIÓN DA URXENCIA:

A favor: 7 concelleiros/concelleiras do PP.

En contra: 5 (3 concelleiros/ concelleiras de AVANTE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 5 (3 concelleiros/concelleiras de ACE e 2 concelleiros/concelleiras do PSOE).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Dación de conta de resolucións da alcaldía ditadas desde o 17 de agosto ata o 20 de setembro de 2019

O Concello Pleno queda informado das resolucións da Alcaldía ditadas desde 17 de agosto ata o 20 de setembro de 2019.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado da relación de informes de reparo de intervención, que consta dun total de 26 documentos que se relacionan a continuación:

- Número 2019-0178 de data 05.08.2019
- Número 2019-0179 de data 05.08.2019
- Número 2019-0181 de data 08.08.2019
- Número 2019-0182 de data 08/08/2019
- Número 2019-0184 de data 12/08/2019
- Número 2019-0185 de data 12/08/2019
- Número 2019-0186 de data 12/08/2019
- Número 2019-0187 de data 12/08/2019
- Número 2019-0188 de data 12/08/2019
- Número 2019-0189 de data 12/08/2019
- Número 2019-0190 de data 12/08/2019
- Número 2019-0191 de data 12/08/2019
- Número 2019-0192 de data 12/08/2019
- Número 2019-0193 de data 12/08/2019
- Número 2019-0194 de data 12/08/2019
- Número 2019-0195 de data 12/08/2019
- Número 2019-0197 de data 12/08/2019
- Número 2019-0198 de data 12/08/2019
- Número 2019-0199 de data 12/08/2019
- Número 2019-0200 de data 12/08/2019
- Número 2019-0201 de data 12/08/2019
- Número 2019-0202 de data 12/08/2019
- Número 2019-0203 de data 12/08/2019
- Número 2019-0207 de data 14.08.2019
- Número 2019-0209 de data 14.08.2019
- Número 2019-0213 de data 23.08.2019

Dación de conta de decreto referente ás liñas fundamentais do orzamento 2020

Pola presidencia dase conta do Decreto 2019-1493 de data 13.09.2019, referente ás liñas fundamentais do Orzamento 2020, que di o seguinte:

"RESOLUCION DA ALCALDÍA

Vista a obriga de remisión de información sobre as liñas fundamentais do Orzamento 2019 solicitada ás administracións públicas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude do disposto nos artigos 29 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e 6 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, a cal debe ser rendida a través da plataforma habilitada na Oficina virtual de entidades locais, con data límite 13 de setembro de 2019.

Visto que, dado o grao de consolidación acadado polo orzamento municipal nos últimos exercicios, non existe previsión de que se produzan modificacións salientables que motiven unha modificación sustancial das previsións para o presente exercicio, por iso, confeciónanse

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



as liñas fundamentais do orzamento de acordo cos seguintes criterios:

- En materia de ingresos, pártense dos datos obtidos da liquidación do exercicio 2018, estimando que se obterán cifras moi similares no exercicio 2019 e en consecuencia, estímase que no orzamento para 2020 as cifras de previsión inicial serán idénticas. Considérase adecuada a previsión en clave de prudencia, toda vez que a realidade ven de amosar no último exercicio un estancamento en materia de ingresos.

- Do mesmo xeito, en materia de gastos, pártense dos datos obtidos da liquidación do exercicio 2018, estimando que se obterán cifras moi similares no exercicio 2019 e en consecuencia, estímase que no orzamento para 2020 as cifras de previsión inicial serán idénticas. Considérase adecuada a previsión, por unha parte polas limitacións que xera a existencia dun plan de axuste en vigor no Concello, que non permite desviacións nas cifras agregadas que ofrece a liquidación dos orzamentos, así como polo imperativo de cumprir a regra de gasto, de xeito que non pode existir incremento significativo do gasto.

- Como corolario do anterior, non existe previsión de modificacións importantes no funcionamento nin na estrutura económica do Concello, polo que se reforza a previsión de que en liñas xerais, o orzamento para 2020 será continuista co do presente exercicio.

De acordo co anterior, en virtude da competencia atribuída polo artigo 168.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL en materia de confección de orzamentos.

No uso das facultades que me outorga a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, o Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local e o Real decreto 2565/86, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

Esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar as liñas fundamentais do Orzamento 2020, segundo a información que obra nos anexos que achegan a esta Resolución de Alcaldía, obtidos de acordo cos criterios que se explicitan na motivación da presente resolución.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na seguinte sesión que se realice, da presente resolución e dos datos que se achegan a esta nos anexos".

O Concello Pleno queda informado da resolución transcrita anteriormente.

Dación de conta de concesión de subvención POS 2017 - Reinvestimento

O Concello Pleno queda informado do escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de data 5 de abril de 2019 desa Deputación Provincial, referente á concesión de subvención por importe de cento cinco mil oitocentos nove euros con trinta e tres céntimos (105.809,33 €), por reinvestimento de baixa no marco do Plan concellos 2017, co obxecto do financiamento do investimento "Pavimentación da rúa Atenas e camiño Verín-Coiro-Cangas".



Concello de Cangas

Dación de conta de concesión de subvención POS 2019 - Liña 3

O Concello Pleno queda informado do escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno desa Deputación Provincial, en sesión de data 28 de xaneiro de 2019, referente á concesión de subvención por importe de douscentos cincuenta e cinco mil corenta euros con corenta e oito céntimos (255.040,48 €), no marco do Plan Concellos 2019, referente a "Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais - 2ª relación".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos e preguntas:

O Sr. Sotelo Villar: expón que na acta que se aprobou neste Pleno constaban dúas cuestións, unha na que se pedía un informe sobre a seguridade das actuacións e as festas acabaron e non teñen o devandito informe, e outro no que se solicita informe sobre os días traballados ao departamento de policía.

O Sr. Alcalde: sinala que o informe sobre a seguridade das actuacións o ten por escrito no seu despacho. No tocante o outro informe sinala que o policía está de vacacións.

O Sr. Sotelo Villar: roga para eses dez mil usuarios cangueses que utilizan a tarxeta metropolitana que o Concello as subvencione.

O Sr. Alcalde: expón que o Sr. Sotelo firmou convenios perxudiciais para o Concello de Cangas e recalca que non van manter as obrigas doutras administracións xa que se pretende defender os intereses de Cangas.

O Sr. Millán Blanco: solicita saber cales son as medidas que se van a adoptar para evitar os reparos suspensivos por contratos irregulares.

O Sr. Alcalde: expón que se están a adoptar medidas para mellorar nese ámbito.

O Sr. Jiménez Fernández: roga que se modifique na páxina web do concello os seus datos e que por rexistro se enviaron varias preguntas e non se respondeu a ningunha.

O Sr. Soliño Costas: pregunta que cando lles van a devolver os cartos os usuarios da ludoteca de Cangas.

O Sr. Alcalde: sinala que se lle van a devolver os cartos.

O Sr. Soliño Costas: pregunta como vai o recurso presentado polos núcleos costeiros.

A Sra. Vizoso Marcos: sinala que presentou unha serie de preguntas que non foron repostadas no seu momento e pregunta cales son as persoas representantes o GDR e os GAC.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

O Sr. Alcalde: sinala que a última reunión foron a concelleira Sagrario e o concelleiro Fandiño.

A Sra. Villar Rodal: pregunta cando se prevé a tramitación do ENIL e Punta Balea e cando se vai a entregar esa documentación os grupos da corporación.

O Sr. Alcalde: sinala que lle transmitirá a pregunta ao concelleiro de MedioAmbiente.

O Sr. Millán Blanco: pregunta si mañá se presenta un pai usuario da Ludoteca que solicita unha compensación.

O Sr. Alcalde: garante a devolución.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850